

REPOSITORIO DE PROXECTOS

TeCe Redes en galego

ao abeiro do Fondo Xacobeo 21-22



BASES

Programación anual da contratación dos contidos dixitais e presenciais



CVE: 605Zqf6d901
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



XUNTA
DE GALICIA



ÍNDICE

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA E FINALIDADE.....	5
2. OBXECTIVOS DA CONVOCATORIA.....	6
3. ÁMBITO DE ACTUACIÓN DA CONVOCATORIA.....	7
4. CONDICIÓN MÍNIMAS DOS PROXECTOS QUE SE PRESENTEN Á CONVOCATORIA.....	8
5. CARACTERÍSTICAS XERAIS DOS PROXECTOS.....	9
6. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DOS PROXECTOS NAS DIFERENTES MODALIDADES.....	11
7. FORMATOS E MODALIDADES.....	13
8. NATUREZA XURÍDICA E INFORMACIÓN SOBRE O PROCEDEMENTO.....	15
9. PERSOAS DESTINARIAS DA CONVOCATORIA.....	15
10. PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN.....	16
11. TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO E CAMPOS DE DATOS DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN... ..	17
12. PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.....	19
13. ORZAMENTO MÁXIMO DA CONVOCATORIA.....	19
14. IMPORTE MÁXIMO DOS PROXECTOS SELECCIONADOS.....	20
15. IDIOMA VEHICULAR DOS PROXECTOS DESTINADOS AO RESPOSITORIO TECE REDES EN GALEGO... ..	20
16. COMISIÓN TÉCNICA DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS E CRITERIOS DE SELECCIÓN.....	21
17. PUBLICACIÓN DOS PROXECTOS SELECCIONADOS E NON SELECCIONADOS.....	23
18. TRÁMITES DOS EXPEDIENTES CONTRACTUAIS PARA A ADXUDICACIÓN DE PROXECTOS DIXITAIS OU PRESENCIAIS.....	23
19. FORMA DE ENVÍO DOS PRODUTOS DIXITAIS DEFINITIVOS E XUSTIFICACIÓN DA REALIZACIÓN DOUTROS SERVIZOS.....	24
20. DIFUSIÓN E DIVULGACIÓN DOS PROXECTOS.....	26
21. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.....	26
22. RECURSOS.....	27
23. ACEPTACIÓN DAS BASES E MÁIS INFORMACIÓN.....	28



Resolución do 4 de abril de 2022, da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que publican as bases da primeira convocatoria do *Repositorio TeCe Redes en galego* ao abeiro do Fondo de Proxectos Culturais Xacobeo 2021-2022 (Fondo Xacobeo 21-22) e se anuncia a apertura do prazo para que as persoas interesadas poidan presentar os seus proxectos.

TeCe Redes en galego insírese dentro da programación anual da contratación menor da Secretaría Xeral de Política Lingüística (en diante, SXPL). A súa finalidade é crear un repositorio de proxectos dixitais e servizos presenciais susceptibles de proporcionar contidos e servizos para fornecer un programa de dinamización lingüística e de transmisión xeracional dirixido ao público infantil e xuvenil nas diversas interaccións verbais e escritas da súa vida cotiá e coas súas familias, tanto no ámbito do fogar coma no eido académico, nas redes sociais, no gozo de xogos individuais ou familiares e no contexto doutros espectáculos musicais e escénicos dixitais ou presenciais, así como no desenvolvemento doutras actividades e eventos.

Na súa denominación, empréganse as letras maiúsculas T, C e R para se referir, respectivamente, ás accións de "transmitir", "comunicar" e "tecer redes".

O termo "redes" utilízase cunha dobre acepción; por unha banda, refírese á canle dixital de comunicación social e, por outra, á manifestación da actitude colectiva de tecer redes susceptibles de estender o vínculo afectivo co galego e de crear unha comunidade cada vez máis ampla de persoas novas que escollan a lingua galega como idioma vehicular de transmisión e de comunicación.

A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de autonomía de Galicia recolle a obriga dos poderes públicos de garantir o uso normal do galego e de potenciar o seu emprego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, así como de dispor os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

Á SXPL, dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, correspóndenlle as competencias e as funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega e de dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia.

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia sinala a necesidade de aumentar o emprego do galego nas actividades complementarias e a Administración educativa procurará fomentar o seu uso en distintos espazos e situacións de comunicación dos centros educativos, sobre todo a través da acción dos equipos de dinamización da lingua galega.



Cómpre favorecer unha asociación positiva dos nenos e das nenas en idade infantil e da xuventude coa lingua galega mediante a súa ligazón con actividades dinamizadoras relacionadas con ela, a través dos novos espazos do universo dixital, do audiovisual, das redes sociais e das tecnoloxías da información e da comunicación.

Hoxe en día é normal que os estudos da xuventude se estendan ata os 30 anos e, en ocasións, máis alá. Por razóns prácticas e competenciais da SXPL, esta convocatoria acoutará o seu ámbito de actuación tendo en conta, por unha banda, as funcións propias da SXPL nos procesos de dinamización do uso da lingua galega e, por outra, a idade das persoas destinatarias, que vai da man das diferentes etapas escolares ou académicas destas e doutros fitos vitais importantes na vida das persoas novas e das súas familias. Tomaranse en consideración as súas necesidades e preferencias na etapa infantil, na adolescencia e noutras franxas de idade nas que se pode considerar que a xuventude adquire un grao maior de madurez. Estas circunstancias, que non son taxativas nin lles afectan do mesmo modo ás diferentes persoas, permiten establecer diferentes franxas de idade entre o público destinatario para ofrecerlle a cada grupo recursos e contidos en galego do seu interese.

Considerarase que o público mozo é adulto desde os 18 aos 30 anos, ou máis. Nesta franxa de idade, será menos relevante a etapa educativa ou formativa en que se atopa a persoa e daráselles unha maior importancia a outros aspectos da súa vida.

Prestaráselle atención ao colectivo neofalante nun momento vital importante na vida das persoas mozas, dado que os estudos científicos de relevancia no eido lingüístico sosteñen que a personalidade e as ideoloxías lingüísticas nos individuos se definen nos primeiros anos da xuventude. Con esa premisa, a Administración autonómica quere contribuír a que a aprendizaxe da lingua galega e a súa transmisión no núcleo familiar, nos espazos de lecer, nos contextos académicos e nas actividades extraescolares sirvan tamén para asegurar a súa continuidade ao longo das vindeiras xeracións. Terase en conta tamén o proceso de acompañamento familiar para cubrir as necesidades das familias novas que teñan fillas e fillos ao seu cargo. No acompañamento do público infantil ata os 12 anos, a idade das persoas adultas que exerzan esta función será irrelevante, sempre que exista por parte da familia ou dalgún dos seus membros actitude e disposición para valorar, transmitir e usar o idioma galego nos diferentes aspectos da súa vida.

Neste contexto, promoverase que a aprendizaxe, a dinamización e o uso da lingua galega ao longo das diferentes etapas da vida das persoas en idade infantil e xuvenil e das súas familias sexa real e efectiva, estable, atractiva e accesible. Este obxectivo acometerase mediante unha acción estratéxica con capacidade de tecer redes de acceso a contidos dixitais e servizos presenciais, lingüísticos e culturais, coa finalidade de incrementar a súa oferta e de que as persoas en idade infantil e as persoas novas, así como as súas familias, poidan realizar con garantías os seus procesos de socialización en galego.



O repositorio de proxectos TeCe Redes en galego incorporase como unha nova sección dentro do Fondo Xacobeo 21-22. Esta programación tivo como antecedente a súa primeira edición no ano 2020, logo de que a Organización Mundial da Saúde clasificase como pandemia internacional a crise de saúde pública ocasionada pola covid-19, e unha segunda edición no ano 2021, en ambos os casos con resultados moi favorables.

No ano 2022, afrontarase dun xeito positivo e esperanzador as ensinanzas aprendidas a causa das circunstancias restritivas derivadas da pandemia ocasionada pola covid-19 e, por este motivo, daráselle continuidade á liña de traballo comezada no ano 2020, coa finalidade de promover a transición cara a outros modelos de presentación e divulgación de proxectos de dinamización lingüística e de transmisión interxeracional máis innovadores.

Afrontarase o reto de incrementar o uso do galego na infancia e na xuventude e nas súas familias. Buscaranse, entre as propostas ofertadas, iniciativas para paliar a ruptura da transmisión interxeracional da lingua galega no ámbito familiar e atenderanse tamén as necesidades das persoas neofalantes entre a xuventude adulta que elixe voluntariamente o idioma galego como lingua vehicular para o desenvolvemento das accións comunicativas da súa vida cotiá.

O procedemento para seleccionar os recursos lingüísticos dixitais e os servizos presenciais que oferten as persoas interesadas nesta convocatoria desenvolverase segundo os trámites da contratación menor, co fin de incrementar a súa oferta dunha forma áxil e transparente, ao abeiro dos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade, non discriminación e igualdade de trato entre as persoas participantes, establecidos no artigo 1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (en diante, LCSP).

Por todo o exposto, e de conformidade coas atribucións que teño conferidas, aprobo as seguintes bases e resolvo a súa publicación:

1. Obxecto da convocatoria e finalidade

1.1. O obxecto desta resolución é convocar as persoas profesionais autónomas, empresas e cooperativas que conforman o tecido económico e cultural de Galicia vinculadas aos procesos de dinamización da lingua galega para presentaren proxectos lingüísticos que sexan susceptibles de mostrarlle ao público destinatario o seu talento creativo en forma de contidos e recursos e en diferentes tipos de formatos —dixitais, presenciais ou mixtos—. A finalidade é configurar unha oferta atractiva, inclusiva e diversa de recursos dixitais e servizos presenciais dirixida ao público infantil, á xuventude e ás súas familias para favorecer unha maior sensibilidade lingüística cara ao galego e estender o seu uso nos seus procesos de socialización, no contexto das súas actividades cotiás de convivencia familiar e formación e no desenvolvemento doutras actividades non lectivas realizadas nos centros educativos e deportivos e no



tempo de recreo e de lecer comunitario fóra do horario lectivo.

1.2. A convocatoria regula o procedemento de base contractual para a selección e a contratación dos proxectos lingüísticos que lle darán contido ao repositorio TeCe Redes en galego.

1.3. Os recursos dixitais de dinamización lingüística do repositorio TeCe Redes en galego ofreceranse gratuitamente a través das plataformas dixitais, páxinas web, redes sociais e medios de comunicación públicos que determine a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da SXPL.

1.4. Os servizos presenciais desenvolveranse en espazos públicos, abertos ou pechados, a través dos circuítos culturais da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (Rede de bibliotecas públicas, Rede de museos e de arquivos, instalacións e salas de exposicións da Cidade da Cultura), dos concellos e entidades que conforman a Rede de dinamización lingüística e dos centros educativos de Galicia. Por outra banda, e cando así se considere, estes servizos tamén se poderán desenvolver por medio doutras plataformas dixitais ou itinerarios materiais e en espazos doutras entidades de base asociativa ou fundacional que manifesten o seu interese na difusión e divulgación destes proxectos, sempre que sexa sen ánimo de lucro e de forma gratuíta.

1.5. Os obxectos dos contratos que se adxudiquen ao abeiro desta convocatoria serán os seguintes:

a) Adquisición de recursos dixitais orixinais e inéditos para a súa exhibición a través do repositorio telemático de contidos TeCe Redes en galego ao abeiro do Fondo Xacobeo 21-22.

b) Servizos presenciais para a organización e a realización de talleres de aprendizaxe dirixidos a nenos e nenas ou para o desenvolvemento de xogos familiares, representacións teatrais, pases musicais ou calquera outra actividade ou evento de pequeno formato e, de ser o caso, a súa itinerancia, cun prazo temporal de execución inferior ao ano natural.

2. Obxectivos da convocatoria

2.1. Permitir que os profesionais autónomos, as empresas e as cooperativas do tecido económico cultural e artístico vinculado ao proceso de dinamización lingüística e cultural en lingua galega sexan quen de mostrarlles ao público infantil e xuvenil e ás súas familias o seu talento creativo en forma de recursos dixitais, servizos presenciais ou proxectos mixtos. A programación destes recursos debe reunir as características específicas e os requisitos das bases desta convocatoria e ha de ter en conta a franxa de idade e as diferentes etapas educativas nas que se integra o público destinatario ou, de ser o caso, outras circunstancias vitais de relevancia no transcurso das súas vidas.



2.2. Promover que os nenos e as nenas, así como a xuventude, manteñan, e mesmo incorporen, o galego como lingua vehicular de relación na súa vida diaria.

2.3. Promover unha visión afable, moderna e útil da lingua galega que reforce a súa estima, aumente a súa demanda e elimine prexuízos para estimular nas xeracións máis novas actitudes favorables que se traduzan nun uso xeneralizado do galego, tanto nas súas relacións interxeracionais coma nas comunicacións horizontais entre iguais.

2.4. Acadar unha oferta diversificada e atractiva de recursos dixitais e de servizos presenciais de carácter cultural, lúdico ou de formación non regrada en galego, deseñados especificamente para o público destinatario en atención á súa idade e ás súas circunstancias vitais, preferencias e inquietudes culturais, formativas e de ocio.

2.5. Promover unha planificación estratéxica para a achega dos recursos dixitais e servizos presenciais que se xeren ou se executen a través desta convocatoria ás persoas destinatarias coa finalidade de multiplicar o seu alcance.

3. Ámbito de actuación da convocatoria

3.1. O ámbito de actuación constituirano os proxectos de dinamización lingüística e de transmisión xeracional que se presenten a esta convocatoria e que, de resultar seleccionados, se incorporen ao repositorio TeCe Redes en galego para lle mostrar ao público destinatario o talento das persoas profesionais e das empresas creadoras cuxa actividade estea vinculada aos proxectos dinamizadores da lingua galega.

3.2. Os proxectos clasificaranse tomando como referencia diferentes circunstancias en función da idade do público destinatario e, de ser o caso, da súa etapa escolar e doutros fitos importantes na vida das persoas mozas.

En función da idade do público destinatario, establécese a seguinte clasificación:

a) Público infantil: de 0 a 12 anos, cuxa franxa de idade se corresponde coas etapas de educación infantil e primaria.

b) Público adolescente: de 12 a 18 anos, cuxa franxa de idade se corresponde coas etapas de educación secundaria obrigatoria e postobrigatoria.

As franxas de idade orientadoras que se terán en conta nestas etapas educativas serán as seguintes: de 0 a 3 anos, de 4 a 6 anos, de 7 a 11 anos e de 12 a 18 anos.

Con carácter xeral, os servizos presenciais levarán consigo o acompañamento familiar sempre que vaian dirixidos ás franxas de idade de 0 a 12 anos, agás naqueles casos en que, a partir dos 6 anos, o desenvolvemento dos proxectos se realice no ámbito de acción dos centros educativos. Os proxectos ofertados para o público adolescente serán preferentemente en formato dixital ou mixto.



c) Xuventude adulta: de 18 a 30 anos, ou máis. Tamén se inclúen as familias novas que teñan ao seu cargo nenos ou nenas de ata 12 anos.

Os proxectos que se dirixan a este público destinatario poderán deseñarse cunha dobre finalidade. Por unha banda, a de dinamizar o uso da lingua galega entre a poboación nova que se atope na franxa de idade dos 18 aos 30 anos nas súas comunicacións entre iguais, co fin de promover un maior uso do galego entre os neofalantes mozos en lingua galega. Nesta opción non se require acompañamento familiar e os proxectos serán preferentemente en formato dixital ou mixto. E, por outra, a de dinamizar e incrementar o uso da lingua galega no contexto familiar das parellas novas con nenos ou nenas ao seu cargo. Neste caso, o acompañamento familiar debe ir implícito nos proxectos presenciais. Para o acompañamento familiar non será significativa a idade das persoas que acompañen os rapaces e rapazas nos seus procesos de socialización en galego.

3.3. A temática dos proxectos susceptibles de seren seleccionados e contratados ao abeiro desta convocatoria xirará arredor dos eixes de acción da SXPL para dinamizar o uso da lingua galega no público infantil e xuvenil e nas súas familias, que inclúe a transmisión interxeracional da lingua e o fenómeno neofalante. O seu enfoque deberá estar aliñado coa Estratexia da Cultura Galega da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (ECG21) e co eixe 6 da Estratexia Galicia Dixital 2030.

3.4. Os contidos dos proxectos ofertados poderán versar sobre calquera temática da cultura global, incluída a divulgación científica.

3.5. De xeito transversal, os proxectos poderán incluír principios e valores que fomenten a igualdade entre homes e mulleres, o respecto á diversidade e á diferenza, a integración da perspectiva de xénero, o fomento de accións positivas e o uso da linguaxe non sexista, a solidariedade, a accesibilidade na cultura e calquera dos obxectivos de desenvolvemento sostible propostos pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas e que inspiran as actividades da axenda cultural galega, como a fin da pobreza, fame cero, saúde e benestar, accións polo clima, educación de calidade, paz, xustiza, concordia ou institucións sólidas.

4. Condicións mínimas dos proxectos que se presenten á convocatoria

4.1. Os proxectos deberán garantir, como mínimo, algún dos seguintes requisitos:

a) Han de contar cun carácter dinamizador no que respecta ao uso da lingua galega para o público destinatario, a través de recursos e ferramentas motivadoras e innovadoras.

b) Deben contribuír de maneira directa a que o público destinatario e, de ser o caso, as súas familias, atopen neles un incentivo que os convertan en focos de



socialización en lingua galega nos ámbitos cotiáns da súa convivencia familiar, nas dinámicas de aprendizaxe no ámbito escolar, nas comunicacións horizontais entre iguais no tempo de lecer, na práctica do deporte dentro ou fóra do ámbito académico etc.

4.2. Todos os proxectos, en calquera dos seus formatos, fomentarán que os procesos de dinamización lingüística se realicen de forma accesible, non só na súa vertente de superación ou eliminación de barreiras físicas, senón na súa dimensión máis ampla e de carácter universal, na que cobrará protagonismo a eliminación de atrancos comunicativos e cognitivos, e presentaranse sempre cun enfoque positivo.

4.3. Todos os proxectos que se dirixan ao público infantil e, fundamentalmente, os proxectos presenciais, deberán buscar o trato persoal e a proximidade dos nenos e das nenas coas súas familias en espazos que permitan probar os xogos, compartir experiencias e interactuar con eles nun ambiente de diversión e espaxemento común.

O obxectivo operativo que se persegue con este requisito é concienciar as familias do seu papel de promotoras da socialización en galego dos seus nenos e nenas.

4.4. Todos os proxectos deseñaranse para que durante a súa execución ou gozo as persoas destinatarias acaden os obxectivos lingüísticos que perseguen e fomentarán algún ou varios dos aspectos seguintes:

- a) O galego oral, coa creación de novos ámbitos de uso frecuente que favorezan a utilización da lingua dentro e fóra do ámbito lectivo e a transmisión interxeracional.
- b) O uso e a valoración da lingua galega a través das ferramentas e tecnoloxías da información e da comunicación no espazo integral e virtual que é Internet, xa que na actualidade o acontecer diario das persoas de calquera idade, e máis das persoas novas, non se pode imaxinar fóra dese espazo de comunicación global.

5. Características xerais dos proxectos

5.1. A execución ou o desenvolvemento dos proxectos en calquera modalidade deberán realizarse de acordo coas previsións e co mesmo contido ofertado na memoria técnica e descritiva do proxecto e segundo o orzamento presentado coa solicitude. Os desvíos durante a fase de execución do proxecto das características detalladas na memoria técnica e descritiva terán que ser previamente comunicados, xustificados e autorizados pola SXPL. En calquera caso, os desvíos substanciais respecto do proxecto inicial que non fosen comunicados, xustificados ou autorizados previamente serán motivo de resolución do contrato.

5.2. Poderá motivar igualmente a resolución do contrato que o produto entregado ou a prestación dos servizos non ofrezca un modelo lingüístico oral e/ou escrito de calidade. Neste caso, antes de propor a resolución do contrato, a SXPL poderá



solicitar as correccións que estime pertinentes e as persoas adjudicatarias deberán realizalas dentro do prazo outorgado para a súa execución. Antes da entrega da creación dixital ou da execución do servizo presencial, o órgano contratante poderá solicitar unha mostra gravada de duración moi breve e/ou o guión correspondente.

5.3. As persoas licitadoras deben ter en conta na elaboración do orzamento dos proxectos o custo dunha revisión lingüística profesional e de calidade.

5.4. No orzamento incluíranse tamén, cando proceda, o caché dos artistas e os dereitos patrimoniais derivados da propiedade intelectual das creacións ou servizos ofertados, incluídas as taxas derivadas dos dereitos de propiedade intelectual para a difusión e a comunicación pública das creacións musicais e/ou artísticas que xestione algunha das entidades de xestión colectiva, como a SGAE, DAMA, AISGE ou calquera outra. Estes gastos serán por conta da persoa licitadora que resulte adjudicataria.

5.5. A adquisición ou o desenvolvemento dos proxectos ofertados que inclúan creacións protexidas por dereitos patrimoniais de propiedade intelectual levarán aparellada a cesión dos dereitos de explotación patrimonial que sexan precisos á SXPL para a súa difusión e comunicación pública, na forma prevista na documentación contractual anexa á resolución de adjudicación. En todo caso, a participación das persoas interesadas nesta convocatoria presupón que son estas as titulares lexítimas dos dereitos de explotación do proxecto e que autorizan a cesión dos dereitos que sexan necesarios para a súa execución. A duración será polo tempo máximo que permita para cada modalidade o Real decreto lei 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual. En canto ao ámbito xeográfico da cesión, non haberá ningunha limitación.

O alcance da cesión de dereitos de propiedade intelectual de contido patrimonial será distinto dependendo de se se trata de proxectos dixitais ou proxectos presenciais.

a) Proxectos dixitais

A persoa que resulte adjudicataria garante ser a titular ou a cesionaria de todos os dereitos de explotación necesarios sobre a creación ou creacións dixitais e inéditas obxecto do contrato. Asumirá todos os gastos que impliquen os mencionados dereitos e consentirá a cesión dos dereitos patrimoniais derivados da propiedade intelectual das creacións orixinais e inéditas do seu proxecto, o que inclúe a reprodución e a comunicación pública para a súa difusión ou exhibición pública nas páxinas web e nas redes sociais de titularidade da SXPL, dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. A cesión non será exclusiva e a súa duración será polo tempo máximo que permita o Real decreto lei 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual. A SXPL consentirá que a persoa adjudicataria faga, pola súa parte, a difusión dos vídeos cedidos nas páxinas web ou nas redes sociais que sexan da súa titularidade de forma gratuíta e sen ánimo de lucro, logo de que a creación ou creacións dixitais obxecto da contratación que se pretende se exhiban na páxina web: www.lingua.gal. Así mesmo, a SXPL poderá consentir que a súa difusión a realicen terceiras persoas interesadas,



sempre que o fagan con posterioridade á difusión e á exhibición pública realizada pola SXPL, de forma gratuíta, sen ánimo de lucro e co consentimento da persoa adxudicataria, que é a titular dos dereitos de autoría moral sobre as creacións cedidas.

A autorización entenderase concedida de forma tácita a partir do momento en que a SXPL exhiba as creacións dixitais definitivas na súa páxina web, sen necesidade de que medie unha autorización expresa.

En calquera das accións informativas ou de difusión realizadas pola persoa adxudicataria ou por terceiras persoas, co consentimento do autor ou autora da creación ou creacións cedidas, farase constar nun lugar destacado que o proxecto forma parte dos contidos do repositorio TeCe Redes en galego, na forma que indica a base 20) desta convocatoria e coa utilización dos logos que correspondan.

En canto ao ámbito xeográfico da cesión, non haberá ningunha limitación.

b) Proxectos presenciais

A persoa adxudicataria cederalle á Administración contratante con carácter exclusivo os dereitos de contido patrimonial derivados da propiedade intelectual que se precisen para a execución do servizo. A referida cesión rematará coa total execución do servizo, sen prexuízo de que a SXPL ou a Consellería de Cultura, Educación e Universidade poidan exhibir nas súas páxinas web, redes sociais ou outras canles dixitais material gráfico ou pequenas mostras audiovisuais das representacións ou das actividades contratadas, sen límite temporal ningún.

5.6. O orzamento expresarase, consonte recolle o anexo I, indicando a base impoñible e os impostos aplicables, sen que sexa preciso desagregar os custos parciais do proxecto.

6. Características técnicas dos proxectos nas diferentes modalidades

6.1. Proxectos dixitais

6.1.1. Na descrición do proxecto ofertado, a persoa solicitante deberá xustificar a franxa de idade do público destinatario ao que vai dirixido e especificar o seu carácter orixinal e inédito e as condicións técnicas para a súa elaboración. No formulario da solicitude, que se inclúe no anexo I, indicárase o número de creacións dixitais ofertadas, os minutos de duración no caso de audiovisuais e aqueles datos requiridos nos campos que debe cubrir a persoa solicitante.

6.1.2. Admitiranse distintas técnicas de elaboración, que se publicarán nas canles de difusión das que dispoña a SXPL e, de ser o caso, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade.



6.1.3. As creacións dixitais orixinais e inéditas definitivas deberán elaborarse coa resolución e coas características técnicas mínimas ofertadas na memoria técnica e descritiva do proxecto e segundo o orzamento presentado. Editaranse con entrada e peche, onde figurarán os logos da Xunta de Galicia, Galicia e Xacobeo 2021/22, que se poderán descargar no *Manual de identidade corporativa* da Xunta de Galicia (<https://www.xunta.gal/identidade-corporativa>), e, de ser o caso, aqueles que taxativamente determine a SXPL. Así mesmo, incluírán un espazo de créditos no que se indicará o nome do autor ou da autora e a información de que a creación dixital foi realizada para o repositorio TeCe Redes en galego da SXPL co fin de desenvolver un programa de dinamización lingüística e de transmisión interxeracional da lingua galega dirixido ao público infantil e xuvenil e ás súas familias.

No portal da SXPL, haberá un apartado do repositorio TeCe Redes en galego no que se indicarán os requisitos mínimos que han de cumprir os proxectos dixitais en canto á imaxe corporativa da Xunta de Galicia e á colocación dos logotipos, ademais de información relativa á súa pertenza ao dito repositorio.

6.1.4. Os produtos audiovisuais entregaranse en formato MP4 con resolución para web (mínimo 1280x720 píxeles), aínda que tamén se admitirán outros formatos (MPG, MOV, AVI, WMV).

Os produtos que sexan só de audio entregaranse en formato MP3 320 Kbps, cunha calidade de CD (mínimo 16 bits e 44,1 kHz), aínda que se admitirán outros formatos coa mesma calidade mínima.

No caso dos libros dixitais, admitirase a entrega en formato PDF de alta calidade e/ou en formato EPUB3.

6.1.5. O resultado final do produto dixital non implicará arquivos de máis de 5Gb e, de ser preciso, dividiranse en capítulos ou en volumes ou reducirase a súa calidade dentro dos mínimos indicados nestas bases.

6.2. Proxectos presenciais

6.2.1. A persoa licitadora deberá xustificar, nos datos técnicos do proxecto, a franxa de idade do público destinatario ao que vai dirixido, o tipo de servizo, taller, obradoiro, espectáculo artístico ou musical, actividade ou evento ofertado, así como o número de sesións, o elenco artístico e outras características de especial consideración. Nos campos do formulario da solicitude, que se achega no anexo I, a persoa licitadora debe cubrir a información requirida.

6.2.2. Excepcionalmente, a execución dos proxectos presenciais quedará condicionada ás limitacións, restricións e cautelas derivadas da evolución da crise sanitaria da covid-19, de acordo coas prescricións normativas que sexan aplicables en cada momento respecto do sistema ordinario de liberdades e mobilidade persoal. Só neste suposto, e para garantir a súa execución, as persoas licitadoras ofertarán unha alternativa de execución en formato dixital do proxecto principal, que describirán na memoria técnica e descritiva e que ha de ser compatible coas circunstancias limitativas derivadas da covid-19. A cuantificación económica da



opción alternativa deberá considerarse incluída no orzamento de execución e deberá ser sempre idéntica á da opción principal. Terá prioridade a primeira opción de execución e só se atenderá á segunda opción ofertada no caso de que estean vixentes limitacións ou restricións excepcionais derivadas da pandemia.

6.2.3. No portal da SXPL haberá un apartado específico no que se indicarán os requisitos mínimos que han de cumprir os proxectos dixitais en canto á imaxe corporativa da Xunta de Galicia e á colocación dos logotipos, ademais de información relativa á súa pertenza ao repositorio TeCe Redes en galego ao abeiro do Fondo Xacobeo 21-22.

6.2.4. Os espazos de acollida dos servizos presenciais para o desenvolvemento de obradoiros de aprendizaxe, talleres de xogos, espectáculos, actividades ou eventos culturais en lingua galega reunirán as condicións de seguridade, calidade, accesibilidade, salubridade e hixiene apropiadas para garantir os dereitos do público asistente e de terceiras persoas afectadas, así como a convivencia veciñal e a integridade dos espazos públicos, de acordo co previsto na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia. Así mesmo, cumprarán todos os requisitos esixidos pola normativa reguladora que resulte de aplicación no que se refire á prevención e á protección de incendios e outros riscos inherentes ao desenvolvemento do proxecto contratado.

6.2.5. A persoa adxudicataria asumirá todos os custos derivados da produción e execución dos proxectos presenciais e, sobre todo, as obrigas relativas ás súas necesidades técnicas e equipos de son, á elaboración e envíos dos calendarios para a execución das actividades que validará o persoal técnico da SXPL, así como os gastos que teñan que ver co deseño, a impresión e o envío dos carteis promocionais aos lugares de acollida das actividades e outros que resulten necesarios, de conformidade coas obrigas que determine o anexo de condicións contractuais da resolución de adxudicación e as indicacións do órgano contratante.

6.2.6. A persoa licitadora que resulte adxudicataria dun contrato para a execución dun servizo presencial en lingua galega disporá, igualmente, dun seguro de responsabilidade civil durante o seu desenvolvemento, que cubrirá os danos persoais e materiais e, de ser o caso, as perdas consecutivas ocasionadas ás persoas asistentes e a terceiras persoas e aos seus bens, sempre que os danos e as perdas sexan producidos como consecuencia do desenvolvemento do espectáculo, actividade ou evento contratado.

7. Formatos e modalidades

7.1. Os formatos dos proxectos para desenvolver o repositorio TeCe Redes en galego serán dixitais ou presenciais ou combinarán calquera deles. Nos proxectos mixtos, a súa clasificación en diferentes modalidades establecerase só para os efectos da súa valoración en atención ao formato dixital ou presencial do obxecto principal ofertado.

7.2. Calquera dos proxectos presentados nos diferentes formatos incluírá a dimensión lingüística como un elemento de cohesión do seu contido para o cumprimento dos obxectivos de dinamización do uso da lingua galega en calquera dos ámbitos de acción que se desenvolvan.

7.3. Os proxectos que combinen diferentes formatos clasificaranse na modalidade que teña un peso económico maior, de acordo co indicado pola persoa solicitante no anexo I da solicitude. A clasificación do proxecto realizado pola persoa solicitante nunha modalidade que, a xuízo do órgano instrutor do procedemento, sexa errónea non será causa de exclusión da convocatoria se, a xuízo deste, pode clasificala noutra.

Haberá dous tipos de modalidade:

a) Modalidade I (dixital): proxectos dixitais orixinais e inéditos

Inclúense as creacións lingüísticas orixinais e inéditas en formato dixital que non fosen exhibidas anteriormente noutras plataformas dixitais.

As retransmisións en directo de pezas musicais ou artísticas en *streaming* non se considerarán produtos dixitais e terán o mesmo tratamento ca un formato presencial, agás que a retransmisión en *streaming* sexa gravada para a súa exhibición en canles dixitais de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Universidade baixo un dominio web da Xunta de Galicia. Neste suposto, a gravación levará aparellada a cesión dos dereitos patrimoniais de propiedade intelectual para a súa reprodución, difusión e comunicación pública, nos termos previstos no apartado 5.5.a) desta convocatoria.

Con carácter xeral, as páxinas web, aplicacións informáticas ou outros desenvolvementos tecnolóxicos quedarán excluídos das bases desta resolución, tendo en conta que a finalidade da contratación é adquirir contidos dixitais ou presenciais para desenvolver un programa de dinamización lingüística e de transmisión interxeracional da lingua galega dirixido ao público infantil e xuvenil e ás súas familias.

Excepcionalmente, admitiranse sitios web estáticos. Enténdese por sitio web estático aquel proxecto web que será instalado nun servidor web estático, de modo que non requirirá conectividade cunha bases de datos nin un interpretador ou motor de execución no ámbito do servidor (por exemplo, PHP, Jee, .Net etc.).

b) Modalidade II (presencial): proxectos presenciais

Son as creacións en formato presencial, que poderán ser orixinais e inéditas ou non, así como a prestación doutros servizos de deseño, produción, montaxe e realización de actividades ou eventos lingüísticos e culturais en lingua galega (talleres de xogos ou aprendizaxe en familia, representacións escénicas, pezas musicais, espectáculos mixtos, contacontos, xornadas temáticas etc.) que sirvan para a súa representación ou exhibición de forma gratuíta en espazos públicos de Galicia como forma de atraer o público destinatario.



8. Natureza xurídica e información sobre o procedemento

Esta convocatoria ten a natureza xurídica de acto de publicidade non preceptivo e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da SXPL, dá a coñecer de forma voluntaria estas bases coa finalidade de crear un repositorio de recursos dixitais e servizos presenciais para desenvolver un programa de dinamización lingüística e transmisión xeracional da lingua galega dirixido ao público infantil, xuvenil e ás súas familias.

9. Persoas destinatarias da convocatoria

9.1. Poderán presentar proxectos para a súa inclusión no repositorio TeCe Redes en galego as persoas físicas ou xurídicas que teñan plena capacidade de obrar, que non estean incursas en ningunha das prohibicións de contratar recollidas no artigo 71 da LCSP, que teñan domicilio fiscal na Comunidade Autónoma galega e que acrediten que as actividades profesionais das persoas físicas ou o obxecto social das persoas xurídicas inclúen a dinamización da lingua galega.

As persoas que poderán presentar proxectos serán as seguintes:

- a) Persoas profesionais do sector cultural, creativo e artístico** galego que estean vinculadas cos procesos de dinamización da lingua galega no desenvolvemento da súa profesión.
- b) Empresas culturais e/ou artísticas** que estean vinculadas cos procesos de dinamización da lingua galega no desenvolvemento da súa actividade.
- c) Cooperativas culturais e/ou artísticas** que estean vinculadas cos procesos de dinamización da lingua galega no desenvolvemento da súa actividade.

9.2. Cada profesional da cultura, empresa ou cooperativa presentará un só proxecto, que poderá conter unha ou máis creacións dixitais ou servizos e actividades das previstas nos apartados 7.3.a) e 7.3.b) desta convocatoria.

9.3. As persoas físicas que formen parte dos órganos de goberno, de administración ou de representación doutras empresas ou cooperativas que concorran a esta convocatoria non poderán presentar outros proxectos como profesionais autónomas. De producirse a referida duplicidade, quedarán excluídos todos os proxectos que presentasen.

9.4. No suposto de que dúas persoas solicitantes presenten proxectos idénticos ou substancialmente similares, non se valorará ningún deles e quedarán excluídos.

9.5. Co obxecto de asegurar o cumprimento deste punto, a SXPL poderá requirir das



persoas solicitantes, e antes da adxudicación do contrato, unha declaración responsable e unha autorización para consultar datos e/ou documentación acreditativa.

9.6. Quedan excluídas as entidades sen personalidade xurídica, como as comunidades de bens, así como calquera tipo de asociación ou fundación.

10. Presentación da solicitude de participación

10.1. A solicitude de participación, que se inclúe no anexo I, presentárase en formato PDF e obtérase mediante unha aplicación web para cubrir formularios. A ligazón de acceso a esta aplicación publicarase na web da SXPL. O profesional interesado ou a persoa representante da empresa ou da cooperativa formalizará a solicitude e dirixíraa á SXPL, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, segundo o modelo que figura como anexo I desta resolución.

10.2. A solicitude presentárase exclusivamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia. Para iso, utilízase o procedemento xenérico PR004A - Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado (<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR004A>).

10.3. Unha vez que a persoa interesada acceda á anterior ligazón, premerá no botón "Tramitar en liña" e, a continuación, a plataforma electrónica requirirá para que se identifique electronicamente.

10.4. As persoas participantes disporán dun documento nacional de identidade electrónico ou de calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia.

10.5. En aplicación do artigo 10 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, a persoa física que actúa en representación dunha persoa xurídica deberá utilizar o correspondente certificado dixital de representación.

10.6. Unha vez que a persoa interesada se identifique, abrírase un modelo de instancia xenérico que esta deberá cubrir. No pé desta instancia, seleccionará como órgano destinatario a Consellería de Cultura, Educación e Universidade - SXPL.

10.7. Os datos de contacto para avisos de notificacións electrónicas (teléfono móbil e correo electrónico) figurarán no modelo de instancia do procedemento xenérico PR004A. Ha de marcarse se esta comunicación se lle realiza á persoa titular ou á persoa representante.

10.8. Nun segundo paso, anexará a documentación requirida por esta resolución (anexo I) e, no terceiro e último paso, asinará dixitalmente a documentación que presenta xunto coa instancia e enviará para o seu rexistro oficial.

10.9. A presentación telemática producirá plenos efectos sempre que a solicitude

sexa presentada dentro do prazo establecido nestas bases e empregue o devandito procedemento PR004A da referida plataforma da sede electrónica da Xunta de Galicia. Se algunha das persoas físicas ou xurídicas interesadas neste procedemento presenta a solicitude de participación de xeito presencial, non se terá por presentada, por incumprir a obriga prevista no artigo 10.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

Tampouco se admitirá a presentación de solicitudes a través dun rexistro electrónico alleo ao da Xunta de Galicia, mediante un procedemento que non sexa o PR004A ou por correo electrónico.

10.10. A ausencia formal do formulario do anexo I da solicitude, ou dalgún dos datos necesarios ou requisitos mínimos que deben constar nos campos da devandita solicitude, determinará a exclusión automática sen máis trámite das persoas solicitantes na fase anterior á valoración dos proxectos.

Igualmente, determinará a exclusión a presentación do anexo I cuberto á man ou nun formulario web que non sexa o habilitado.

10.11. No formulario do procedemento PR004A, enténdense como requisitos mínimos cuxa ausencia implicará a exclusión automática os seguintes:

- a) Para unha persoa física, os campos nome e apelidos, NIF e correo electrónico e o número de teléfono móbil para os efectos de comunicacións.
- b) Para unha persoa xurídica, os campos razón social e NIF, nome e apelidos e NIF da persoa representante, correo electrónico e número de teléfono móbil para os efectos de comunicacións, ben da persoa xurídica ou ben da persoa representante.

Os datos de identificación das persoas físicas ou xurídicas deberán coincidir cos datos do certificado dixital empregado, ben sexa da persoa física ou ben do seu representante.

10.12. Serán excluídas automaticamente antes da súa valoración as solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen códigos maliciosos ou dispositivos susceptibles de afectar a integridade ou a seguridade do sistema, que omitan documentos esixidos, que presenten sen cubrir os campos requiridos como obrigatorios ou que conteñan incongruencias ou omisións que impidan a súa tramitación.

11. Tramitación do procedemento e campos de datos da solicitude de participación

11.1. Na fase inicial do procedemento, as persoas licitadoras deberán cubrir e achegar a seguinte documentación:

- a) Instancia do formulario PR004 debidamente cuberta na sede electrónica da Xunta



de Galicia, de onde se extraerán os datos de identificación e de contacto.

b) Solicitud de participación segundo o modelo do anexo I, de onde se extraerán os datos descritivos do proxecto e o seu orzamento.

11.2. A solicitude de participación, segundo o modelo do anexo I, constará principalmente de catro campos ou bloques: datos xerais, técnicos, orzamentarios e de resultados. A persoa solicitante non precisará achegar ningunha outra documentación complementaria, nin imaxes nin animacións, aínda que si se permite incluír ligazóns. Calquera información sobre o proxecto ofertado deberá incluírse nos seguintes bloques de datos do anexo I:

a) Datos xerais: neste campo incluírase o NIF da persoa titular, o título do proxecto e unha breve descrición do seu contido, con especial fincapé no seu impacto na dinamización da lingua galega, a modalidade ou modalidades ofertadas e o público destinatario.

b) Memoria técnica e descritiva do proxecto, que incluíra a seguinte información:

- Unha breve definición da traxectoria profesional ou empresarial da persoa solicitante.

- A contextualización do proxecto para o cumprimento dos obxectivos desta convocatoria e a súa viabilidade para dinamizar o uso da lingua galega.

- A descrición do obxecto do proxecto e as condicións e necesidades técnicas para a súa execución.

- Calquera outra información que poida axudar a unha correcta valoración do proxecto. Para proxectos que contén cunha parte presencial, son de obrigada referencia as alternativas de execución, de acordo co apartado 6.2.2) das bases desta convocatoria.

c) Orzamento: neste campo incluírase o custo total do proxecto para cada unha das modalidades, o tipo ou tipos de IVE aplicables e, de ser o caso, a porcentaxe de retención do IRPF. O orzamento será vinculante e a contratación do proxecto, no caso de resultar seleccionado, será polo prezo total do proxecto, impostos incluídos. Aconséllase que consulte coa súa asesoría en caso de que teña algunha dúbida sobre o tipo ou tipos de IVE e as retencións aplicables.

d) Resultados do proxecto: neste campo indicaranse os datos mínimos obrigatorios para cada tipo de creación/produto de cada modalidade, como é o número de minutos de duración das creacións dixitais de carácter audiovisual ofertadas, o número de páxinas dos libros dixitais ou, de ser o caso, o número de representacións, pases ou actuacións que se realizarán nos servizos presenciais.

11.3. Para cubrir con precisión a solicitude de participación, as persoas interesadas no procedemento terán á súa disposición unha aplicación web para obter o anexo I en formato PDF, que terá que ser anexado no procedemento PR004A. A ligazón de acceso a esta aplicación publicárase no portal da SXPL, no apartado do repositorio TeCe Redes en galego. Adicionalmente, achegaranse indicacións precisas na Guía do



procedemento, cuxo contido se recomenda consultar na web www.lingua.gal.

11.4. A execución dos proxectos en calquera modalidade deberá realizarse de acordo coas previsións e co mesmo contido das características técnicas mínimas ofertadas no bloque do anexo I, que contén a memoria técnica e descritiva do proxecto e, así mesmo, segundo o orzamento presentado.

11.5. Non se valorará ningún tipo de documento ou información adicional achegada que non estea incluída no anexo I, de acordo co apartado 11.3 desta convocatoria.

12. Prazo de presentación das solicitudes

12.1. O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na web <http://www.lingua.gal>.

Cando o último día do prazo sexa inhábil, o prazo entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

12.2. No caso de que o número de solicitudes presentadas ao procedemento regulado nas bases desta convocatoria exceda de cincocentas, a comisión de valoración só avaliará, por orde de entrada, un número equivalente a este.

12.3. Con independencia do número de solicitudes que se presenten ao procedemento durante o prazo de presentación de ofertas, só se seleccionarán, ata o límite da asignación orzamentaria, aquelas propostas que cumpran os requisitos das bases desta convocatoria e que, a xuízo da comisión de valoración, sexan as máis acaídas para o desenvolvemento do programa de dinamización lingüística e de transmisión xeracional dirixido ao público infantil, xuvenil e ás súas familias.

13. Orzamento máximo da convocatoria

13.1. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da SXPL, asignará un crédito máximo de 500.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 10.50.151A.640.0 para o ano 2022, para as diferentes modalidades de proxectos desta convocatoria, de acordo coa seguinte desagregación:

- Proxectos dixitais: ata 200.000,00 €
- Proxectos presenciais: ata 300.000,00 €

13.2. O crédito inicial da convocatoria poderá ampliarse en función da dispoñibilidade orzamentaria da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, logo da aprobación da modificación orzamentaria que corresponda. Nese caso, non será necesario abrir un novo prazo de presentación de solicitudes a través dunha



nova convocatoria se existen proxectos seleccionados na lista de reserva e que non fosen adjudicados por insuficiencia de crédito. De ser o caso, a contía económica da ampliación de crédito destinarase exclusivamente a financiar proxectos da lista de reserva.

13.3. Os proxectos mixtos que combinen varios formatos computaranse na modalidade que teña un peso económico maior.

13.4. Para o caso de que sobre crédito da contía asignada a cada unha das modalidades principais previstas nesta convocatoria, poderá destinarse a outra modalidade para así contratar o maior número posible de proxectos, ata o límite da asignación orzamentaria.

13.5. Non se adjudicarán contratos respecto daqueles proxectos que recibisen algunha axuda ou subvención de órganos da Administración xeral da Xunta de Galicia ou das entidades instrumentais deles dependentes, así como doutras administracións públicas ou de entidades privadas, cando a axuda ou a subvención recibida verse sobre o mesmo obxecto susceptible de ser contratado pola SXPL ao abeiro das bases desta resolución.

14. Importe máximo dos proxectos seleccionados

O importe máximo de adjudicación de cada proxecto desta convocatoria será de 10.000,00 €. O referido importe constituirá o orzamento base de licitación dos proxectos adjudicados e nel incluíranse todos os custos de produción ou de execución, os impostos e as taxas correspondentes.

15. Idioma vehicular dos proxectos destinados ao repositorio TeCe Redes en galego

15.1. Na presentación, deseño, desenvolvemento e execución dos proxectos en calquera das súas modalidades utilizarase a lingua galega e respectaranse as normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego vixentes, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

15.2. Os proxectos presentados e as creacións ou servizos ofrecidos neles deberán ofrecerse integramente en lingua galega. Non obstante, coa finalidade de promover o plurilingüismo, poderán engadir versións que inclúan subtítulos noutras linguas.

15.3. Deberán ofrecer modelos lingüísticos, orais e escritos, de calidade e este requisito será avaliado pola comisión de valoración.

15.4. O custo da tradución e/ou da revisión lingüística dos proxectos e dos recursos ou servizos ofrecidos neles será por conta das persoas licitadoras interesadas no procedemento e considerárase un custo de execución obrigatorio do proxecto presentado.

15.5. A comprobación da calidade lingüística que faga a SXPL dos produtos dixitais non suplirá en ningún caso a obriga recollida no apartado anterior e realizarase só para os efectos de comprobar que o proxecto seleccionado cumpre esta esixencia co rigor e coa calidade do proxecto ofertado segundo o anexo I.

16. Comisión técnica de valoración dos proxectos e criterios de selección

16.1. Para valorar as ofertas constituirase unha comisión técnica de valoración de proxectos para cada modalidade, que será designada pola persoa titular da SXPL. Cada unha delas estará integrada por un máximo de cinco persoas e incluírá un presidente ou presidenta e un secretario ou secretaria, con voz pero sen voto. De ser necesario, estas comisións poderán estar asistidas por un equipo auxiliar de traballo.

16.2. A comisión técnica de valoración de cada modalidade examinará e avaliará a calidade técnica e a viabilidade económica das propostas presentadas, de acordo coa información contida no anexo I e en función dos criterios técnicos e económicos que se enumeran nos apartados a), b), c), d) e e) da base 16.3) desta convocatoria. A comisión aprobará na súa sesión constitutiva un protocolo para obxectivar a puntuación dos referidos criterios de selección, que será publicado na web www.lingua.gal, para o coñecemento das persoas interesadas, no prazo dos 10 días naturais seguintes ao remate do prazo de presentación de ofertas.

Tamén analizará se o proxecto reúne as condicións mínimas e outras características xerais e técnicas previstas nos diferentes apartados das bases 4), 5) e 6) desta convocatoria.

16.3. Os criterios técnicos e económicos de valoración son os seguintes:

- a) Interese do proxecto en relación cos eixes de acción estratéxica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e, sobre todo, da SXPL para o desenvolvemento da súa actividade consonte os obxectivos e os ámbitos de actuación previstos nas bases desta resolución. A súa puntuación máxima será de 20 puntos.
- b) Orixinalidade, creatividade e innovación e calidade técnica e estética do proxecto e da súa execución. A súa puntuación máxima será de 20 puntos.
- c) Grao de adecuación do contido do proxecto en relación co público potencial ao que vai dirixido e o alcance potencial da súa difusión. A súa puntuación máxima será de 20 puntos.
- d) Calidade lingüística do proxecto. A comisión técnica de valoración establecerá no



protocolo de obxectivación de criterios de selección unha puntuación mínima necesaria para a calidade lingüística e os proxectos que non a acaden quedarán igualmente rexeitados. A súa puntuación máxima será de 15 puntos.

e) Grao de adecuación do orzamento do proxecto presentado e dos seus custos aos prezos de mercado en relación con outros bens ou servizos similares. A súa viabilidade económica examínase en función dos custos de produción ou de execución do proxecto presentado, segundo o previsto no bloque de datos orzamentarios do anexo I. A súa puntuación máxima será de 25 puntos.

16.4. A calidade técnica dos proxectos segundo os criterios dos apartados a) b) c) e d) da base 16.3) desta convocatoria acadará unha puntuación máxima de 75 puntos e rexeitaranse aqueles que, coa suma destes parágrafos, obteñan unha puntuación inferior a 35 puntos.

16.5. A viabilidade económica do proxecto examínase en función dos custos de produción e execución do proxecto, segundo o previsto no apartado e) da base 16.3 desta convocatoria.

16.6. Rexeitaranse aqueles proxectos que, segundo o criterio fundado do órgano avaliador, non teñan un carácter dinamizador da lingua galega para o público destinatario; que presenten un contido no bloque da memoria descritiva do anexo I que careza de claridade ou dunha descrición suficiente para a súa adecuada valoración ou cuxos contidos non se axusten ás bases desta convocatoria; que inciten ou promovan unha mensaxe ofensiva, violenta, discriminatoria ou que atenten contra os dereitos fundamentais das persoas. A ausencia total de adecuación dos custos do proxecto aos prezos de mercado motivará igualmente o seu rexeitamento.

16.7. Para a selección dos proxectos será determinante a capacidade que teñan estes para ser elementos idóneos e capaces de dinamizar o uso da lingua galega, fomentar a súa transmisión xeracional, tratar liñas de acción menos transitadas nos procesos de dinamización lingüística ou resolver carencias de contidos e materiais en galego útiles para as franxas de idade do público destinatario.

16.8. Valorarase tamén a idoneidade dos proxectos para crear modelos de coñecemento, colaboración e creación de redes e vínculos de diversa índole que xiren arredor de feitos sociolingüísticos de especial consideración ou cos países de lingua portuguesa, de xeito que fagan visible a vantaxe competitiva e laboral que supón para a xuventude o coñecemento e o uso do galego e que afonden nos vínculos que unen Galicia ás comunidades de lingua portuguesa, de acordo cos postulados da Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía.

16.9. As comisións técnicas de valoración trasladaranlle a valoración de cada proxecto ao órgano instrutor do expediente para que lle traslade á persoa titular da SXPL unha proposta de resolución dos proxectos seleccionados e os informes de valoración.



17. Publicación dos proxectos seleccionados e non seleccionados

17.1. Os proxectos seleccionados publicaranse na web www.lingua.gal, mediante unha resolución do secretario xeral de Política Lingüística para cada modalidade de proxectos, segundo o previsto nos apartados 7.3.a) e 7.3.b) desta convocatoria. Esta resolución non xerará dereitos económicos en favor da persoa licitadora ata que se lle notifique individualmente a resolución de adxudicación do contrato correspondente, de acordo coas prescricións da normativa contractual. Na resolución administrativa dos proxectos seleccionados para cada modalidade indicárase, por orde decrecente, a puntuación obtida por cada proxecto e a persoa licitadora do proxecto que non fose seleccionada poderá solicitar, durante a duración do procedemento, información sobre a valoración técnica e os motivos administrativos ou técnicos da súa exclusión.

17.2. Se é o caso, tamén se publicará unha lista de reserva para cada modalidade cos proxectos que cumpran os requisitos e as condicións das bases desta convocatoria e que non fosen seleccionados por esgotamento do crédito asignado á convocatoria.

17.3. A permanencia na lista de reserva só xerará en favor da persoa interesada o dereito á posibilidade de continuar o procedemento para a adxudicación dun contrato menor para o repositorio TeCe Redes en galego durante o exercicio orzamentario 2022, naqueles casos en que outros proxectos seleccionados con maior puntuación ata o límite da asignación orzamentaria renuncien á adxudicación ou ben se se amplía o orzamento da convocatoria inicial, en cuxo caso o seu importe destinarase a adxudicar proxectos segundo o previsto no apartado 13.2) desta convocatoria.

18. Trámites dos expedientes contractuais para a adxudicación de proxectos dixitais ou presenciais

18.1. A adxudicación administrativa dos contratos do repositorio TeCe Redes en galego realizarase con cargo aos orzamentos xerais da Xunta de Galicia para o ano 2022 asignados á SXPL, de acordo coas previsións normativas dos artigos 28, 116 e 118 da LCSP, do artigo 33 da Lei galega 14/2013, de 26 de novembro, de racionalización do sector público autonómico e das disposicións que o desenvolven para a contratación menor, logo da tramitación dos correspondentes expedientes de gasto e da súa fiscalización contable, de conformidade co Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

18.2. A resolución de adxudicación da persoa titular da SXPL notificaráselles ás persoas interesadas. Nela, indicaráselles as características esenciais para a

adquisición das creacións dixitais seleccionadas e as condicións para a execución doutros servizos presenciais de deseño, produción, montaxe e realización de actividades ou eventos lingüísticos e culturais en lingua galega.

18.3. O prazo de execución dos contratos adxudicados rematará o 1 de decembro de 2022.

19. Forma de envío dos produtos dixitais definitivos e xustificación da realización doutros servizos

19.1. Proxectos dixitais

19.1.1. Os proxectos dixitais adxudicados enviaranse, antes do remate do prazo de execución do contrato, mediante unha única ligazón de descarga a través de calquera plataforma tecnolóxica segura para compartir arquivos pesados (Wetransfer, Google Drive, Dropbox etc.).

Cando o proxecto teña como resultado varios arquivos informáticos, estes deberán agruparse dentro dun mesmo ficheiro comprimido.

A dispoñibilidade de descarga nestas plataformas tecnolóxicas terá que estar garantida, como mínimo, durante catro semanas de xeito que permita a correcta xestión, revisión e eventuais modificacións necesarias.

19.1.2. O prazo temporal de dispoñibilidade deberá comezar a contar dende o mesmo día do envío da ligazón de descarga a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, para o que se empregará o anexo III. Se fose necesario facilitar un enderezo electrónico do destinatario para avisos da dispoñibilidade dos proxectos dixitais para descargalos, utilizarase o enderezo electrónico tcr-galego@xunta.gal

19.1.3. Se polo tamaño do arquivo ou arquivos ou pola duración da dispoñibilidade de descarga a persoa adxudicataria ten que contratar o pagamento dun servizo de almacenamento na nube e de descarga, este será pola súa conta. Igualmente, a persoa adxudicataria utilizará un sistema de descarga que asegure que a SXPL poida descargalo de xeito continuado, sen necesidade de rexistro previo e coa máxima rapidez. Se fixese falta un contrasinal para descriptar a descarga, este facilitarase con carácter obrigatorio na información que figura no anexo III. Este anexo estará dispoñible para descargar en formato PDF e ODT no apartado correspondente da páxina web www.lingua.gal.

19.1.4. Inmediatamente despois de realizar o envío definitivo do produto dixital a través dun sistema de transmisión de arquivos, e sempre no mesmo día, subírase á sede electrónica da Xunta de Galicia o documento que figura como anexo III desta resolución. A presentación do anexo III suporá a acreditación documental da entrega do produto dixital, unha vez revisado pola SXPL o correcto funcionamento da ligazón de descarga.



19.1.5. A persoa interesada accederá ao expediente na carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, no enderezo electrónico <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan> (código de procedemento PR004A) e despregará na marxe esquerda, no botón "Accións", a opción "Documentación separada da solicitude". Cubrirá o formulario que facilita a sede electrónica da Xunta de Galicia e achegará con este formulario o referido anexo III debidamente cuberto.

19.1.6. No anexo III incluíranse os seguintes datos: datos identificativos da empresa, cooperativa ou profesional que presenta o produto seleccionado: nome, enderezo, teléfono, enderezo electrónico e, así mesmo, o título do vídeo ou produto audiovisual e a identificación da ligazón de descarga e, de ser o caso, un contrasinal para descriptala.

Non se admitirá a presentación de produtos dixitais en soportes físicos (lapis de memoria, DVD, CD) como xustificación da realización dos contratos.

19.1.7. Despois de realizar o envío definitivo da creación dixital, a persoa adxudicataria deberá presentar a factura correspondente no sistema electrónico de facturación da Xunta de Galicia na forma en que se lle indique na correspondente resolución de adxudicación.

19.1.8. Respecto das creacións dixitais, a SXPL poderá solicitar da persoa adxudicataria a entrega previa dunha mostra ou dunha proba. Nas condicións contractuais da resolución de adxudicación dos proxectos dixitais seleccionados indícarase, de ser o caso, a forma e os requisitos da entrega provisional da mostra ou da proba previa para a súa revisión polo persoal técnico da SXPL.

19.1.9. Se tras realizar o persoal técnico da SXPL a preceptiva revisión, a creación dixital presentada non cumpre as características técnicas e lingüísticas ofertadas no campo de datos da memoria técnica do anexo I, a SXPL solicitará a súa modificación ata a súa plena satisfacción.

19.1.10. O incumprimento das condicións de entrega dos proxectos definitivos ou das probas previas, así como a ausencia das características técnicas ofertadas coa solicitude de inicio segundo o previsto ao anexo I, motivará a resolución do contrato adxudicado.

19.2. Proxectos presenciais

19.2.1. No documento das condicións contractuais da resolución de adxudicación dos servizos presenciais contratados, defínirase a forma de xustificar o seu desenvolvemento e a súa completa execución. A xustificación presentarase segundo o previsto na resolución administrativa de adxudicación, xunto coa factura correspondente.

19.2.2. Neste caso, para a xustificación da execución do servizo será preciso presentar a memoria xustificativa e os anexos II-A (ficha de datos) e II-B (certificado de realización) cubertos, de acordo coas seguinte indicacións:

a) A memoria xustificativa describirá a realización dos servizos contratados,



segundo as indicacións da resolución de adxudicación e seguindo as instrucións da Guía de persoas adxudicatarias.

b) O anexo II-A será único por proxecto e elaborarao a persoa adxudicataria cos datos certificados polos concellos ou entidades acolledoras da actividade. Para elaborar o anexo II-A, publicarase a ligazón de acceso á aplicación que permita cubri-lo e xerarse o PDF no apartado correspondente da páxina web www.lingua.gal.

c) O anexo II-B estará dispoñible en formato PDF e ODT para descargalo no apartado correspondente da páxina web www.lingua.gal. Cubrirao a persoa representante do concello ou da entidade de acollida da actividade e estará asinado preferentemente de xeito dixital.

19.2.3. A persoa interesada accederá ao expediente na carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, no enderezo electrónico <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan> (código de procedemento PR004A) e despregará na marxe esquerda, no botón "Accións", a opción "Documentación separada da solicitude". Cubrirá o formulario que facilita a sede electrónica da Xunta de Galicia e achegará con este formulario a documentación indicada no apartado 19.2.2.

19.2.4. Despois de realizar o envío anterior, e no mesmo día, a persoa adxudicataria presentará a factura electrónica no sistema electrónico de facturación da Xunta de Galicia na forma en que se lle indique na correspondente resolución de adxudicación.

20. Difusión e divulgación dos proxectos

As persoas licitadoras que resulten adxudicatarias dos contratos do repositorio TeCe Redes en galego colaborarán nas accións de difusión e divulgación que se organicen respecto dos proxectos adxudicados ao abeiro desta convocatoria. Por outra banda, en todas as accións informativas e divulgativas e nas publicacións relacionadas con esta liña de actuación, utilizaranse os logos que correspondan e farase constar nun lugar destacado que "o proxecto forma parte dos contidos do repositorio TeCe Redes en galego ao abeiro do Fondo Xacobeo 21-22".

21. Información básica sobre protección de datos de carácter persoal

21.1. No desenvolvemento do procedemento regulado para a selección de proxectos do repositorio TeCe Redes en galego, respectaranse as esixencias que establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e adoptaranse cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións; en



particular, aquelas necesarias para garantir a seguridade e a integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

21.2. Os datos persoais obtidos nesta convocatoria serán tratados, na súa condición de responsable, pola Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Universidade, coa finalidade de realizar a tramitación administrativa que derive da xestión desta convocatoria e a actualización da información e dos contidos da carpeta do cidadán.

21.3. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ao previsto no formulario do anexo I e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderanse fundamentar no consentimento das persoas interesadas, circunstancia que se reflectirá no formulario do anexo I.

21.4. Co fin de lle dar publicidade ao procedemento regulado nas bases desta resolución, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados a través da páxina web www.lingua.gal, onde constará o nome ou a razón social da persoa física ou xurídica seleccionada, o obxecto ou o título, o formato e a modalidade e a contía do proxecto seleccionado. Ademais dos proxectos seleccionados, publicarase cos mesmos datos unha lista de reserva respecto dos proxectos que cumpran os requisitos das bases desta resolución. Adicionalmente, publicaranse a relación de proxectos excluídos (na revisión administrativa) e a relación de proxectos rexeitados (na fase de avaliación), así como as causas da súa exclusión ou do seu rexeitamento.

21.5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explica na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

22. Recursos

Esta convocatoria esgota a vía administrativa e as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición perante a persoa titular da SXPL, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo previsto legalmente.



23. Aceptación das bases e máis información

A participación nesta convocatoria implica a aceptación total das súas bases e a SXPL reserva para si o dereito a interpretar estas, sempre que sexa necesario para o seu correcto desenvolvemento.

Toda a información relacionada co repositorio TeCe Redes en Galego publicárase nun apartado específico da web da Secretaría Xeral de Política Lingüística (www.lingua.gal). aconséllase consultar a *Guía do procedemento*, en que se achegan as directrices para a presentación de solicitudes, e a *Guía de persoas adxudicatarias* para obter información sobre os proxectos seleccionados.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital
O conselleiro de Cultura, Educación e Universidade
P. d. O secretario xeral de Política Lingüística
(Orde do 9 de febreiro de 2021)

Valentín García Gómez

